

XIII Día da Ciencia na rúa

Sábado 10 de maio de 2008

CIFP SOMESO. A Coruña BIOCONSTRUCCIÓN E ENERXÍAS RENOVABLES

Se o sol ten a honra de acompañarnos este día, os nosos alumnos porán en funcionamento os diferentes recursos didácticos para a aprendizaxe das enerxías renovables, en especial a solar co atractivo engadido de empregar cociñas solares e preparar algúns pratos de degustación.

Na parte expositiva os alumnos explicarán as características principais da bioconstrucción auxiliados por paneis ilustrativos cos diferentes elementos que caracterizan unha vivenda sana e ecolóxica, así como algúns dos materiais empregados.

Na exposición pódense ver elementos que permiten un significativo aforro de recursos e enerxía con pequenas adaptacións de elementos cotiáns ou simplemente cun cambio de planeamento no deseño ou á hora de elixir unha determinada solución.

Enerxías Renovables:

Enerxía Solar:

- Sistema solar fotovoltaico
- Quentador de auga por termosifón
- Destilador solar
- Pasteurizador solar
- Duchas solares
- Concentradores solares
- Motor Stirling Solar

Cociñas solares:

- Cociña parabólica de concentración
- Fornos solares de baixo custo
- Fornos solares inverno-verán (30°-60°)
- Cociña solar mínima (Panel Solar-Cookit)
- Conxunto de helióstatos

Enerxía Eólica:

- Ventilador eólico

Enerxía Hidráulica:

- Ariete hidráulico

Economía de recursos:


- Cisterna aforradora
- Economizador de auga
- Cafeteira aforradora
- A utilización das pilas

Bioconstrucción:

- Características principais dunha construción sa e ecolóxica
- Criterios de deseño
- Bioclimática
- Materiais

Mobilidade sostible:

- A bicicleta como medio ecolóxico e san de desprazamento



CIFP SOMESO

Este instituto comezou a funcionar en 1961 como Escola Acelerada de Formación Profesional, dependente do Ministerio de Traballo e Sindicatos.

Posteriormente foi transferido ao Ministerio de Educación para continuar impartindo Formación Profesional de 1º e 2º grao e máis tarde ciclos formativos, xunto coa ESO e Bacharelatos.

Designado como Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP) os ensinos de ESO e Bacharelato están nun proceso de desaparición progresiva

FAMILIAS PROFESIONAIS				
Edificación e Obra Civil	Imaxe Persoal	Fabricación Mecánica	Madeira e Moble	Mantemento de Vehículos Autopropulsados
Ciclos de grao superior				
Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas	Estética	Producción por mecanizado	Producción de madeira e moble	Automoción
Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción				
Realización e plans de obra				
Ciclos de grao medio				
	Estética persoal decorativa	Mecanizado	Fabricación a medida e instalación de carpintería e moble	Carrozaría
	Perruquería	Soldadura e caldeirería		Electromecánica de vehículos
Programas de garantía social		Auxiliar de perruquería Operario de fontanería Operario de mantemento básico de edificios Operario de soldadura		

BIOCONSTRUCCIÓN SOMESO

Proxecto que xurde na familia profesional de Edificación e Obra Civil co obxectivo de afondar no estudo e divulgación da bioconstrución e aplicar os seus principios de saúde e ecoloxía a tódolas actividades desenvolvidas no instituto.

Actividades destacables:

XORNADAS DE BIOCONSTRUCCIÓN E ENERXÍAS RENOVABLES

Organízanse todos os anos no mes de novembro, estamos preparando a sétima edición para o vindeiro curso 2008-09, con actividades como: Exposicións temáticas, Ciclo de conferencias, Visitas técnicas.

PROPOSTAS PARA UNHA CONSTRUCIÓN SOSTIBLE: BIOCONSTRUCCIÓN

Nome do proxecto de agrupamento de centros de diferentes comunidades autónomas para o desenvolvemento dun proxecto comun promovido polo MEC e no que participamos os seguintes institutos: CIFP Someso (A Coruña), IES Carmen Conde (Las Rozas, Madrid) IES Cristóforo Ferrer (Pemiá de Mar, Barcelona), IES La Merced (Valladolid), IES Hermenegildo Lanz (Granada), IES Santa Lucía (Vecindario, Gran Canaria) co obxectivo de introducir a bioconstrución nas actividades realizadas no desenvolvemento curricular da familia profesional de Edificación e Obra Civil.



PREMIO INNOVACIÓN EDUCATIVA EN ENERXÍAS RENOVABLES EN GALICIA

Concedido na súa primeira convocatoria (2003) polo traballo "Hoxe cociña o Sol" sobre as experiencias desenvolvidas no IES Fernando Wirtz da Coruña cando a familia profesional atopábase nel antes do seu traslado ó instituto Someso.

PARTICIPANTES:

PROFESORES

Juan Bello Llorente
Julita Verdejo Rodríguez
Dolores García Lasanta
Eusebio Chao López
Tomás Nogueira Castelo
Juan Manuel Brenlla Blanco
Enrique José Miguel Teijido
Julio Fernández-CoutoTella
Xavier Rivas Braña
José M^a Santos Gómez

ALUMNOS

Diego Ballesteros López
Roberto Blanco García
Alejandro Brey Pazos
Jaime Hernández Seoane
Pablo Lemos Ratón
Luis Eduardo Martínez Alvite
Bruno Pastoriza Costas
Serafín Pena Carabel
Alba Sánchez Puñal
Marcos Vázquez López
Lucía Andrea Vidal Martínez
Cristina Martínez Rama
Ilona Ananllewa
Olalla Leis
Nuria Pombo
Lidia Souto

CIFP SOMESO

Someso 6, A Coruña 15008

Tel: 981 282200

Fax: 981 282111

Correo-e: cifp.someso@edu.xunta.es

<http://centros.edu.xunta.es/>

<http://bioconstruccionsomeso.blogspot.com>

Coordinador de actividades de Bioconstrucción e Enerxías Renovables: Juan Bello Llorente juanbello@edu.xunta.es

NECESIDADES MATERIAIS

SOL	Moito
Carpa (5x5m)	1
Mesas de (1.80x0.90)	6
Cadeiras	15
Carteleiras (2.44x1.22)	6
Potencia eléctrica	3000w
Alumnos participantes	30
Profesores participantes	6
Outras necesidades	Unha toma de auga próxima

É imprescindible que a localización da nosa jaima se atope nun lugar que nos garanta o soleamento dunha superficie suficiente para pór en funcionamento o conxunto de cociñas solares e algúns outros recursos.